



## 1. ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2019-20

### A) NORMATIVA REGULADORA:

- [DECRETO 254/2012, do 13 de decembro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 12 de marzo de 2013](#) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### B) OFERTA DE POSTOS ESCOLARES:

#### Educación Infantil

CURSO	VACANTES	RESERVA NEAE
4º (3 anos)	44	6
5º (4 anos)	16	0
6º (5 anos)	14	0

#### Educación Primaria

CURSO	VACANTES	RESERVA NEAE
1º	1	0
2º	0	0
3º	0	0
4º	7	0
5º	0	0
6º	0	0

\*NOTA: (DOG 15-03-2013). As prazas en reserva son para a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (de non cubrirse con este alumnado serán ofertadas de xeito libre ao resto de solicitudes)



**C) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

**Do 1 ao 20 de marzo, ámbolos dous inclusive.**

Este ano pode presentarse a solicitude telemáticamente no enderezo <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> ou empregando o formulario ED550B (que estará disponible na web do centro e na conserxería) e, posteriormente, entregando a documentación nos prazos indicados.

**D) PRAZO PARA ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DO BAREMO, CANDO A DEMANDA DE PRAZAS SEXA SUPERIOR Á OFERTA:**

**Do 1 ao 12 de abril, ámbolos dous inclusive.**

NOTA: A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario e pode facerse no momento da presentación das solicitudes (que é o que recomendamos desde o centro para evitar vir dúas veces) ou no prazo indicado neste epígrafe. A non presentación da documentación xustificativa suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

**E) SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFRECE O CENTRO:**

- Programa Madrugadores (almorzo xestionado pola ANPA).
- Comedor Escolar (ao abeiro do DOG do 5 de marzo de 2007).
- Biblioteca Escolar para o alumnado de Educación Primaria (de martes a venres de 16:00 a 18:00 horas).
- Actividades Extraescolares, a cargo da ANPA e do Concello de Culleredo.

**F) DATA DE PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DO ALUMNADO ADMITIDO:**

**O mércores, 17 de abril de 2019**

Unha vez realizada a publicación das listaxes provisionais, haberá un *prazo de presentación de reclamacións de cinco días hábiles que rematará o 24 de abril de 2018 (inclusive).*

**G) PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS:**

**O venres, 3 de maio de 2019**

Estas resolucións poden ser obxecto de *recurso de alzada* ante o titular da Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no *prazo dun mes*, contado desde o día seguinte á súa publicación.



## H) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADMISIÓN:

- **Impresos de solicitude debidamente cumplimentados.** Os impresos poden recollese na Conserxería ou Secretaría do centro, ou descárgalos da páxina web do colexio <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipriadoburgo/>
- Tamén existe a posibilidade de cubrir a solicitude on-line no enlace <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> (2.Solicitudes – 2.2.Admisión – 2.2.2.Crear solicitude de admisión).
- **Libro de Familia (hai que traer o orixinal e unha fotocopia de todas as páxinas escritas).**
- **Certificado de empadramento municipal.** Deben figurar todos os membros da unidade familiar que conviven no domicilio.
- **Certificacións oficiais xustificativas doutras circunstancias:**
  - Situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais (informe dos servizos sociais competentes que acredite as circunstancias alegadas).
  - Alumnado con necesidades educativas específicas: documentación acreditativa das circunstancias alegadas.
  - Separación legal dos pais: **orixinal e fotocopia** da resolución xudicial.
- É posible autorizar na propia solicitude a consulta do DNI dos proxenitores, do domicilio fiscal e declaración do imposto sobre a renda, do título de familia numerosa e do certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. Se se marca con “x” en todas esas casillas non hai que xustificalas, xa que queda feito de xeito telemático.
- No caso de non autorizar esta consulta, habería que traer **orixinal e fotocopia** de cada unha delas (DNI de todos os membros da familia, declaración da renda e do domicilio fiscal, título de familia numerosa e certificado de discapacidade).

## MOI IMPORTANTE

- **SO É POSIBLE PRESENTAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE. ESTA SOLICITUDE DEBERÁ SER PRESENTADA NO CENTRO EN QUE SE SOLICITA PRAZA EN PRIMEIRO LUGAR. DE NON FACELO ASÍ, PERDERANSE TODOS OS DEREITOS DE PRIORIDADE QUE POIDERAN CORRESPONDERLLE.**
- Para facilitar e axilizar o traballo, é imprescindible traer toda a documentación completa (con orixinais e fotocopias) e os impresos cubertos correctamente. Calquera dúbida pode ser solucionada telefónicamente.
- Se un alumno/a ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.



- No caso de *separación legal do país, a solicitude de admisión terá que estar asinada polo dous proxenitores*, agás que aquel/a que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante *resolución xudicial*, que terá que se aportada para o seu cotexo (é dicir, hai que traer o *orixinal e a fotocopia* da mesma).
- No folio número tres da solicitude, na columna de *"puntuación"*, serán *os solicitantes os que deben cubrir os datos numéricos (todos, incluídos os de cero puntos)*.
- Os solicitantes deben manifestar se desexan ou non utilizar o servizo complementario de comedor escolar marcándoo na casíña correspondente.
- Os solicitantes deben indicar se o alumno/a presenta necesidades específicas de apoio educativo, aportando a documentación necesaria.
- O Consello Escolar do CEIP Ría do Burgo acordou non establecer ningún criterio complementario, polo que ese apartado queda sen puntuación.
- O IPREM do ano 2017 aplicable é de 6454,03 euros por membro da unidade familiar. Calcúlase sumando as casíñas 392 e 405 do imposto da renda do ano 2017 e dividindo polos membros da unidade familiar ao día 28 de febreiro de 2019.
  - **O PRAZO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA, UNHA VEZ ADMITIDOS/AS, SERÁ DO 20 AO 30 DE XUÑO, ÁMBOLOS DOUS INCLUSIVE.**
- **ESTE CENTRO EDUCATIVO ESTÁ ADSCRITO AO IES EDUARDO BLANCO AMOR.**

## I) ÁREA DE INFLUENCIA DE ADSCRICIÓN AO CENTRO



**ZONA 4: CEIP PLURILINGÜE RÍA DO BURGO**

Abarca toda a superficie limitada pola liña central das vías que se citan, considerando só a metade máis próxima do Centro de referencia;

Límites	<b>Coa zona 2:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Avenida de Miguel González Garcés.</li><li>• Avenida de Vilaboa ata o número 203.</li><li>• Avenida da Corveira (todos os números) e Rúa Manuel Curros Enríquez (todos os números).</li><li>• Rúa Condes de Andrade, a partires do nº 6 incluído.</li><li>• Liña definida dende o nº 6 de Condes de Andrade ata Salvador Allende.</li></ul>
---------	--

**ZONA COMPARTIDA 4-5: CEIP PLURILINGÜE RÍA DO BURGO – CEIP NOVO**

Límites	<b>Coa zona 2:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Límite do IES Universidade Laboral dende Rúa Salvador Allende ata Avenida de Rutis.</li></ul> <b>Coa zona 4:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Rúa Salvador Allende.</li><li>• Liña dende cruce Rúa Salvador Allende con Avenida Acea da Ama ata a Ría do Burgo.</li></ul> <b>Coa zona 5:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Avenida de Rutis dende o límite do IES Universidade Laboral ata Avenida de Acea da Ama.</li><li>• Liña dende a Avenida de Rutis ata a Ría do Burgo.</li></ul>
---------	--